

Complemento específico: 4.031,40 euros.
 Tipo de adscrición: A11.
 Formación específica: 001-641.
 Descrición de códigos:
 A11: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.
 001: mecanografía.
 641: para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (requisito indispensable).

ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 15.229.

Anuncio do 5 de outubro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de procesos e medios de comunicación; profesores de música e artes escénicas, especialidades de clave, contrabaixo, fagot, fundamentos de composición, óboe, trompa, trompeta, viola, violoncello e expresión corporal; profesores técnicos de formación profesional, especialidade técnicas e procedementos de imaxe e son; profesores de artes plásticas e deseño, disciplina de deseño de moda.

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os seguintes corpos e especialidades:

1. Corpo de profesores de ensino secundario.

Especialidade	Titulación
Procesos e medios de comunicación	1. Licenciado en: Comunicación audiovisual. Publicidade e relacións públicas. Xornalismo. 2. Enxeñeiro de telecomunicacións.

2. Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Especialidade	Titulación*
	Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor aínda que o baremo sexa inferior, coa excepción de fundamentos de composición que irán: 1º Título de profesor superior en harmonía, contrapunto, composición e instrumentación. 2º Título de profesor en harmonía do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). 3º Título de profesor superior en solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento. 4º Título de profesor en solfexo do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).

Especialidade	Titulación*
Clave	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Contrabaixo	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Fagot	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Fundamentos de composición	1º Título de profesor superior en harmonía, contrapunto, composición e instrumentación. 2º Título de profesor en harmonía do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). 3º Título de profesor superior en solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento. 4º Título de profesor en solfexo do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).
Óboe	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Trompa	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Trompeta	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Viola	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Violoncello	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Expresión corporal	Titulación superior en arte dramática, especialidade de interpretación corporal.

3. Profesores técnicos de formación profesional.

Especialidade	Titulación
Técnicas e procedementos de imaxe e son	1. Licenciado en: Comunicación audiovisual. Publicidade e relacións públicas. Xornalismo. 2. Enxeñeiro de telecomunicacións. 3. Enxeñeiro técnico de telecomunicacións, especialidade en son e imaxe.

4. Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.

Especialidade	Titulación
Deseño de moda	Diplomado en moda pola Escola Superior de Deseño.

Segundo.-Prazo de solicitude.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e está a disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado/interrinos-substitutos/convocatorias> apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente Non Universitaria.

Quinto.-Requisitos dos candidatos:

-Estar en posesión do título especificado na base primeira.

-Acreditar o curso de perfeccionamento en lingua galega ou equivalente.

Sexto.-O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG coa excepción da disciplina de expresión corporal, que se baremará de acordo co baremo publicado no Anuncio do 27 de maio de 2005 polo que se abría o prazo para interinidades/substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de arte dramática (DOG do 16 de xuño de 2005).

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2006.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS**

Orde do 4 de outubro de 2006 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por Orde do 15 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 98, do 24 de maio), que foi resolta parcialmente por Orde do 3 de xullo de 2006, (DOG nº 133, do 11 de xullo), esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna,

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario/a que se expresa no anexo da presente orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino do/a funcionario/a que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino, o/a funcionario/a desfruta dun período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente prestan os seus servizos o/a funcionario/a, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido nos artigos 14 e 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo (DOG nº 58, do 25 de marzo).

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro en que cause baixa o/a funcionario/a, así como a daquel en que obteña praza, efectuarán, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as dilixencias de cesamento e toma de posesión, respectivamente; acto seguido realizaranse os trámites necesarios para a súa alta na nómina.

Cuarto.-Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá impugnalas directamente perante, á elección do/a demandante, o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contado desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006.

M^a Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos